

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

ELISA E JIMENA SÁNCHEZ DE LA VEGA

foron dúas irmás xemelgas
e primeiras mulleres en estudar
nunha universidade galega,
licenciándose en medicina en 1919.
Jimena obtivo ademais o premio
extraordinario da licenciatura e viaxou

por toda Europa para completar a súa formación. Elisa e Jimena
estudaron no instituto en Lugo, falaban francés, alemán e italiano,
e toda a súa formación estivo chea de notas excepcionais,
para logo elixir a carreira de medicina en Santiago de Compostela.

Ao rematar a licenciatura escolleron camiños diferentes:
Jimena foi catedrática de universidade, xenetista e directora
de diferentes balnearios. Elisa pola súa banda foi pediatra,
deu clase na universidade e liderou diferentes iniciativas sociais,
como un albergue para indixentes.

Sabías que as irmás
de la Vega tiveron
que superar moitas
dificultades
para poder estudar
polo feito de ser mulleres?

MULLERES GALEGAS

repasa

No proxecto “Aprende coas mulleres galegas” contamos as biografías de moitas pioneiras que viviron as mesmas dificultades.

Repasa as fichas e atopa:


- A primeira muller que pilotou un avión en Galicia
- A primeira xinecóloga galega
- A primeira farmacéutica galega
- A primeira directora dun xornal de nivel nacional

Anótaas e procura máis pioneiras noutros eidos

Colorea esta
muller
e decora a contorna
do seu paseo

MULLERES GALEGAS

colorea



Sabías que só a partir de 1910
as mulleres puideron matricularse
na universidade como
alumnas oficiais, pero tendo
que pedir autorización
do consello de ministros?

MULLERES GALEGAS

pregunta

A día de hoxe hai máis mulleres ca homes estudando na universidade,
pero aínda queda moito por facer; de feito, as mulleres catedráticas
representan menos do 30 % e só hai 9 reitoras nas 50 universidades
públicas españolas.

É máis que evidente que
HAI QUE SEGUIR TRABALLANDO DÍA A DÍA POLA IGUALDADE.

Imaxina que es unha xornalista que está no primeiro
día de universidade das irmás Fernández de la Vega
e que podes facerlles unha entrevista.

Que cinco preguntas
lles farías?

Agora imaxina que as
atopas ao rematar
a carreira.
Que cinco preguntas
lles farías?



Sabías que a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) nomeou a Jimena Fernández de la Vega como Científica do Ano 2021?

MULLERES GALEGAS

fala

Elisa e Jimena Fernández de la Vega sabían alemán, francés e italiano, e grazas a isto puideron estudar fóra.

Procura como se di “Bo día” e “Moitas grazas” nestes idiomas e compara se teñen algo en común.

Grazas a saber galego, temos a posibilidade de poder entendernos nos estados que falan portugués.

Cantos estados coñeces nos que se fale en portugués?

A lingua portuguesa
é oficial en...
estados do mundo.



Neste encrucillado
aparecen agochados
diferentes termos
relacionados coa vida
das irmás Fernández
de la Vega

MULLERES GALEGAS

encrucillado

Horizontais:

- 2 Idioma que falaban e que empregou Jimena cando estudou en Xénova
4 Vila na que fixeron o bacharelato
8 Idioma que falaban e que empregou Jimena cando estivo en París
11 Especialidade médica que escolleu Jimena

Verticais:

- 2 Jimena foi médico...
7 Idioma que falaban e que empregou Jimena cando estivo en Berlín
9 Universidade na que estudaron
11 Especialidade médica que escolleu Elisa

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
11											

Comproba
as túas
actividades

MULLERES GALEGAS

soluciona

fala

A lingua portuguesa é oficial en 10 estados do mundo:
Angola, Brasil, Portugal, San Tomé e Príncipe, Mozambique,
Cabo Verde, Guiné-Bissau, Timor Leste,
Guinea Ecuatorial (xunto ao francés e o castelán)
e Macau (xunto ao cantonés).

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1							A		S		
2		B		I	T	A	L	I	A	N	O
3		A					E		N		
4		L	U	G	O		M		T		P
5		N					Á		I		E
6		E					N		A		D
7		A							G		I
8	F	R	A	N	C	É	S		O		A
9		I									T
10		O									R
11			X	E	N	E	T	I	S	T	A